

**A MARIÑA EN CUBA** ▶ A sociedade 'Hijos del Valle de Oro', fundada en 1907, segue a funcionar hoxe na Habana, presidida por Esperanza Uz. Construiu escolas e igrexas e impulsou un viveiro de experimentación agrícola. Contou con emigrantes sobranceiros e o seu delegado foi o crego de Bacoí, José Martínez Cobo, fundador do xornal 'El Guerrillero'.

# Onte e hoxe de 'Hijos del Valle de Oro'

POR: MARTÍN FERNÁNDEZ  
FOTOS: JOSÉ M<sup>a</sup> ÁLVEZ

'MIS PASOS en esta calle / resuenan en otra calle / donde / oigo mis pasos pasar en esta calle / donde / sólo es real la niebla'. Os versos de Octavio Paz poideran servir nas recentes Festas do Oito do Valadouro para describir a sensación dos ferreirenses de aquí e dos que, aínda hoxe, en plena Habana, celebran as festas patronais da localidade dos seus antergos.

Porque hoxe, cen anos despois da súa constitución en outubro de 1907, segue a funcionar na Habana a sociedade 'Hijos del Valle de Oro', presidida por Esperanza Uz e cunha directiva que forman Teresa Villar, vicepresidenta; María del Pilar Fernández, tesoureira; Antonio Queijo, secretario contador; e Zenaida Gutiérrez e Manuel Currás, vocais.

'Hijos del Valle de Oro naceu na Habana o 15 de outubro de 1907, nun local da rúa Monte, número 317, no curso dunha xuntanza promovida polos emigrantes José María Candia Nécega e Andrés Canoura Palmeiro á que acudiron dez persoas: Valentín Nécega Rivas, Juan Ramón Álvarez, Ángel Mandiá Reigosa, José F. Vidal, Antonio Vila Ares, Constantino Romero Cortiñas, Manuel Díaz Lestegás, José Mandiá Reigosa, Generoso Díaz Villar e Francisco Moscoso Febrero.

**DIRECTIVOS E FINS.** Trala constitución, elixiron a súa primeira xunta directiva, presidida por Francisco Janeiro e formada por José M<sup>a</sup> Candia Nécega, secretario; José M<sup>a</sup> Otero, vicepresidente; Juan R. Álvarez, vicesecretario; Juan López, tesoureira; Manuel Hermida, viceteseoureira; e once vocais: Valentín Nécega, Manuel Rubal, José Fernández, José Arcas, José Ramón Villarón, Andrés Rivera Goás, Ramón Reigosa, Antonio Colmenares, José Pérez, Antonio Díaz e Generoso Requeijo. Os socios iniciais foron 49 de O Valadouro, Mondoñedo, Burela, San Cibrao, Alfóz e Foz.

O fin da sociedade era fomentar a unión dos naturais do Valadouro e procurar, moral e materialmente, o maior auxe e prosperidade

De 1907 a 1939, os presidentes foron Janeiro, Vila Ares, J.R. Álvarez, Canoura, Moscoso, Requeijo e Lorenzo Veiga



Escola de Mucide, que recibiu axudas dos emigrantes en Cuba

## A entidade ten hoxe medio milleiro de socios

'Hijos del Valle de Oro' integra hoxe 470 personas entre emigrantes e descendentes, pero só 111 están nacionalizados españois. Dende o 2004 está presidida por Esperanza Uz. O pasado 31 de marzo celebraron, coa modestia propia das dificul-

tades polas que atravesara a illa e por todo o alto, o seu centenario. Deron un diploma ós socios con 50 ou máis anos de antigüidade e desenvolveron actos culturais e festivos. Polo Nadal, o profesor e pianista Antonio Queija Uz, con avós de Budián, viaxa a Cuba cos seus propios recursos para agasallar ós anciáns galegos do Centro Galego da Habana, onde se radica a sociedade, que tamén celebra as festas máis notables de Galicia e O Valadouro.

deles e do seu terruño, particularmente no eido da instrución, coa creación de escolas. A entidade construiu as de Cadramón, Vilacampa e Bacoí e dotou de mobiliario e libros ás de Mucide, Santo Tomé e Santa Cruz. En 1933, a súa aportación permitiu rematar a escola de Adelan.

Sin embargo, un dos seus proxectos máis ambiciosos era montar un campo de experimentación agrícola e un colexio de segunda ensinanza no que se impartirían leccións teóricas e prácticas de agricultura. Unha comisión recaudou fondos.

**O DEPUTADO CANCIO.** En xaneiro de 1912, por exemplo, a prensa da emigración dá conta de que o deputado provincial Juan María Cancio recibira dos emigrantes valadourenses en Cuba 350 pesetas para mellorar o Campo del Árbol que se establecera ese ano no concello. Segundo os xornais, «con esa cantidade se realizará el próximo año una plantación de 350 árboles y se roturará el terreno, dedicando una parte a vivero y otra, a campo de experimentación agrícola».

Outra das actividades dos emigrantes orientouse a restaurar igrexas en parroquias do val e a rematar a de Ferreira. O chamado Comité Pro Iglesia de Ferreira constituíuse na Habana en decembro de 1920 formado por Juan R. Álvarez, Ramón Canoura, Pedro Fernández, Antonio Vila, José Orol Fernández, Manuel e Eduardo Pernas, Laureano Díaz, Pedro García Hernán, Manuel Rico, Manuel Palmeiro, Manuel Díaz, Ramón Reigosa, Manuel Mon Reimunde, Antonio Rúa e Ramón Blanco. Para controlar as inversións e canalizar os fondos que remitían dende a Habana, os emigrantes crearon en Ferreira un Consello de Administración composto por sete veciños e presidido polo crego de Bacoí, José Martínez Cobo, que foi tamén o director e redactor do xornal 'El Guerrillero', creado en 1907 no Valadouro.

'Hijos del Valle de Oro' tiña tamén fins mutualistas e benéficos. Por eso destinaba o 20 por cento dos seus ingresos ó socorro dos socios necesitados que se viran obrigados a volver á súa terra natal. En 1933, a sociedade construiu un panteón para os seus socios no cemiterio Colón da Habana. Levaron dende O Valadouro terra para que os emigrantes que morreran en Cuba poideran descansar en terra galega...

No apartado recreativo, a sociedade organizaba con frecuencia sonados actos festivos, con xantares e bailes, nos xardíns de La Tropical, La Perla, La Polar ou do río Almendares, na Habana. De moitos deles, a prensa emigrante recolle abundante información.

Ademais do citado Francisco

Janeiro, 'Hijos del Valle de Oro' en Cuba tivo como presidentes a Antonio Vila Ares (1912), Juan Ramón Álvarez (1922), Ramón Canoura (1925), Francisco Moscoso (1928), Generoso Requeijo (1933) e Lorenzo Veiga (1937). Deste período anterior á Guerra Civil española, o xornalista Miguel Vila sinala que os presidentes foron Janeiro, Ramón Fernández Cayón, Antonio Vila, Valentín Nécega, Ángel Mandiá, Manuel Díaz Lestegás, Juan R. Álvarez, Ramón Canoura e Francisco Moscoso. En 1928, os socios xa eran 204.

## EMIGRANTES SOBANCEIROS.

Entre os emigrantes sobranceiros do Valadouro na Habana destacan, entre outros, Andrés e Ramón Canoura. O primeiro, natural de Santa Cruz (1852) foi socio fundador e directivo do poderoso e tan decisivo, para Galicia, Centro Galego da Habana, e directivo da Sociedade de Beneficiencia Naturales de Galicia. Na Habana era dono da famosa zapatería La Moda e en Ferreira, onde foi alcalde, tivo negocios como a Hidroeléctrica e fábrica de fariñas El Canedo ou o reparto comarcal do correo postal.

O seu fillo, Ramón Canoura Fernández, (Alaxe 1899), ocupou cargos directivos en distintas sociedades, impulsou en Cuba a sociedade e a revista 'España Integral', foi alcalde do Valadouro, rexentou a Banca Canoura e fundou a revista 'Juventud de Alaje', de tendencia conservadora.

Juan Ramón Álvarez (Santo Tomé 1880), que estudara no Seminario de Mondoñedo, foi o fundador, con Acevedo, do primeiro xornal comarcal 'El Valle de Oro'. Foi directivo do Centro Galego, fundador do Comité das Sociedades Galegas de Instrución, membro do comité da Real Academia Galega, do hospital de Beneficiencia e da Caixa de Aforros do Centro Galego. Tiña unha famosa xoiería na rúa Muralla 117 que distribuía en exclusiva os prestixiosos reloxios Lohegrin en Cuba.

Joaquín Díaz Villar (Vilacampa, 1886) foi dono dos famosos almacéns El Encanto e membro do Centro de Dependentes da Habana e do Centro Galego. Fixo donacións á súa parroquia e restaurou a súa igrexa. Vencellado ó Valadouro polo seu casamento con Pepita Fernández, filla dun acaudalado constructor, estivo o arousán Ramón Fernández Mato, xornalista, escritor e político vencellado a Portela Valladares.

O deputado provincial Juan María Cancio recibiu 350 pesetas dos emigrantes en Cuba para mellorar o Campo do Árbol